

Cinco. O punto 5 «Asignación de dereitos a cada instalación» modifícase nos seguintes termos:

a) A fórmula que define o factor de axuste «fa» no punto 5.B.a pasa a ser:

$$fa = \frac{53,630 \text{ MtCO}_2}{\sum Ei \text{ (Xeración - Epígrafe 1.a)}}$$

Seis. O punto 7.B «Reserva» queda redactado como segue:

«Constitúese unha reserva equivalente ao 5,42% dos dereitos de emisión asignados ás instalacións incluídas no plan.

Os dereitos da reserva non empregados antes do 30 de xuño de 2012 poderán ser alleados de acordo co disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas

O Goberno non dotará de maneira adicional a reserva en caso de que quede esgotada antes de finalizar o período de vixencia do plan.»

Sete. Ao final do punto 7.C «Novos entrantes»-engádesse o seguinte parágrafo:

«Os titulares de instalacións que reciban asignación a través da reserva de novos entrantes poderán utilizar RCE e URE para o cumprimento das súas obrigas nos termos establecidos no punto 3.E «Uso previsto dos mecanismos flexibles». Tal e como establece o punto 3.E, no caso de que se alcance ou se prevea alcanzar o límite global do 20,58% do teito total de asignación, é dicir, no momento en que se prevea que a entrega de RCE e URE pode alcanzar os 156,665 millóns, a resolución de asignación de dereitos de emisión aos novos entrantes poderá limitar este dereito á utilización de RCE e URE.»

Disposición derradeira primeira. *Natureza básica e título competencial.*

Este real decreto ten natureza básica e dítase ao abeiro das competencias estatais en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e da lexislación básica sobre protección do ambiente previstas no artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 20 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

14053 REAL DECRETO 1031/2007, do 20 de xullo, polo que se desenvolve o marco de participación nos mecanismos de flexibilidade do Protocolo de Kioto. («BOE» 174, do 21-7-2007.)

Este real decreto desenvolve a normativa española que regula a participación nos mecanismos de flexibilidade do Protocolo de Kioto ao Convenio marco de Nacións Unidas sobre o cambio climático, feito en Kioto o

11 de decembro de 1997, así como os procedementos e funcións da autoridade nacional designada por España ante Nacións Unidas. Xunto á normativa internacional e comunitaria vixente nesta materia, as disposicións máis relevantes no ámbito nacional están recollidas, esencialmente, na Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro; o Real decreto 1264/2005, do 21 de outubro, polo que se regula a organización e funcionamento do Rexistro Nacional de Dereitos de Emisión, así como nos plans nacionais de asignación para os períodos 2005-2007 e 2008-2012, aprobados polos reais decretos 1866/2004, do 6 de setembro, e 1370/2006, do 24 de novembro, respectivamente.

O Protocolo de Kioto establece tres mecanismos de flexibilidade para facilitarlles aos países do anexo I da Convención marco de Nacións Unidas para o cambio climático a consecución dos seus obxectivos de redución e limitación de emisións de gases de efecto invernadoiro. Estes mecanismos son instrumentos de carácter complementario ás medidas e políticas internas, que constitúen a base fundamental para o cumprimento dos compromisos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro asumidos por cada parte ao ratificar o Protocolo.

Os tres mecanismos de flexibilidade recollidos no Protocolo de Kioto son o Comercio Internacional de Emisións, o Mecanismo de Desenvolvemento Limpo (MDL) e o Mecanismo de Aplicación Conxunta (AC). As unidades de redución de emisións procedentes dos mecanismos baseados en proxectos denomínanse reducións certificadas de emisión ou unidades de redución de emisións, polas súas siglas, RCE e URE, segundo proveñan do MDL ou do mecanismo de AC, respectivamente. Os dous últimos son os denominados mecanismos baseados en proxectos, debido a que as unidades de redución das emisións resultan do investimento en proxectos, adicionais ambientalmente, encamiñados a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro de orixe antropoxénica, ou a incrementar a absorción de carbono por sumidoiros forestais. Estes proxectos contribúen á consecución do obxectivo número 7 dos obxectivos de desenvolvemento do milenio da Organización de Nacións Unidas, así como da «meta 9» dos devanditos obxectivos, que persegue «incorporar os principios do desenvolvemento sustentable nas políticas e os programas nacionais, e inverter a perda de recursos do ambiente».

Este real decreto regula, en particular, determinados aspectos relacionados co desenvolvemento destes mecanismos baseados en proxectos e coas unidades de redución de dióxido de carbono equivalente que xeran. Débese ter en conta que a regulación contida neste real decreto é complementaria, no ámbito nacional, á normativa do propio Protocolo de Kioto e decisións de desenvolvemento validamente adoptadas pola Conferencia das Partes, a Xunta Executiva do MDL ou o Comité de Supervisión da AC.

Por outra banda, non se debe deixar de tomar en consideración que, de acordo co previsto na Lei 1/2005, as RCE e URE procedentes dos mecanismos baseados en proxectos poden ser empregados polas instalacións suxeitas ao réxime europeo de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro para o cumprimento das súas obrigas de entrega anual de dereitos en cantidade equivalente ás emisións verificadas.

Sobre esta base, o Protocolo de Kioto e o dereito comunitario crearon unha realidade económica, na cal os mecanismos baseados en proxectos xogan un papel fundamental, que ten como finalidade interiorizar o custo ambiental que supón xerar un dano ambiental a través das emisións de gases de efecto invernadoiro.

Cabe recordar, así mesmo, que os mecanismos de flexibilidade constitúen hoxe unha das pezas da estratexia do Goberno español para cumprir os seus compro-

misos no marco do Protocolo de Kioto, de acordo co previsto no Plan Nacional de Asignación para o período 2008-2012.

Do mesmo modo, o acceso a reducións de emisións procedentes destes mecanismos resulta tamén básico para importantes empresas españolas para faceren fronte ás súas obrigas no seo do sistema europeo de comercio de dereitos de emisión.

A relevancia alcanzada polos mecanismos baseados en proxectos e as unidades de redución de CO₂eq xeradas por estes exixen a adopción dunha serie de disposicións que contribúan a precisar o réxime xurídico que lles resulta de aplicación en España, achegando transparencia e seguranza xurídica ao sistema.

A experiencia adquirida ao longo dos dous últimos anos fai aconsellable concretar a regulación de determinados aspectos relacionados co emprego dos créditos procedentes de mecanismos baseados en proxectos, así como precisar cuestións relativas aos procedementos que se deben seguir ante a autoridade nacional designada española nesta materia, desenvolvendo as previsións da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

Este real decreto responde a esta necesidade, e recolle unha serie de disposicións substantivas relativas á validez dos créditos procedentes de mecanismos baseados en proxectos no marco do sistema de comercio de dereitos de emisión, así como normas de carácter procedementa verbal do funcionamento da autoridade nacional designada, órgano colexiado interministerial regulado na Lei 1/2005 e encargado de aprobar, de conformidade co previsto no Protocolo de Kioto, a participación de España e de empresas españolas en proxectos do mecanismo de desenvolvemento limpo ou de aplicación conxunta.

En concreto, no capítulo I, tras concretar o obxecto da norma e diversas definicións, regúlanse as obrigas de confidencialidade e publicidade respecto de determinada información relacionada co exercicio das funcións da autoridade nacional designada. A continuación, regúlase o emprego de créditos procedentes dos mecanismos baseados en proxectos no cumprimento das obrigas de entrega anual de dereitos por parte de empresas con instalacións suxeitas ao réxime de comercio de dereitos de emisión. Con respecto aos devanditos límites, habilitase o RENADE para denegar a entrega dun número de unidades maior ca aquel que corresponda a cada instalación atendendo ao que determine cada plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. Por outro lado, regúlase o modo en que empresas e particulares poidan participar no comercio internacional de emisións, de conformidade co previsto no artigo 17 do Protocolo de Kioto.

Pola súa banda, no capítulo II regúlanse os aspectos formais relativos á participación en proxectos do mecanismo de desenvolvemento limpo e de aplicación conxunta. Para estes efectos, abórdase a regulación da emisión do informe preceptivo de participación voluntaria que debe aprobar a autoridade nacional designada, de acordo co previsto na Lei 1/2005. En concreto, especificanse os requisitos que deben conter as solicitudes de tales informes, o prazo para a súa emisión, os criterios de avaliación das solicitudes, o contido do informe, os supostos de perda de validez deste, e algunhas normas aplicables a eventuais proxectos de aplicación conxunta en territorio español, relativos ao seguimento e verificación destes e á aplicación das directrices de dobre contabilidade, de acordo coa normativa comunitaria.

Así mesmo, especificase o sentido negativo do silencio administrativo respecto das solicitudes de informe preceptivo de participación voluntaria. Dado que se trata dun acto de trámite nun procedemento de varias fases,

algunhas nacionais e outras (as principais) internacionais, non parece razoable entender que poida derivar un efecto distinto ao desestimatorio no suposto de que transcorra o prazo sen notificación de resolución expresa. Por iso, de conformidade co disposto na normativa internacional e comunitaria na materia, conforme o artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o artigo 8.2 establece o sentido desestimatorio do silencio transcorridos dous meses desde a solicitude.

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias estatais en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e lexislación básica sobre protección do ambiente, previstas no artigo 149.1.13.^a e 23.^a, respectivamente, da Constitución.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas.

Na súa virtude, de acordo co establecido na disposición derradeira terceira da Lei 1/2005, do 9 de marzo, por proposta dos ministros de Medio Ambiente, de Economía e Facenda e de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de conformidade co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xullo de 2007,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver o marco de participación nos mecanismos de flexibilidade regulados nos artigos 6, 12 e 17 do Protocolo de Kioto ao Convenio marco de Nacións Unidas sobre o cambio climático, feito en Kioto o 11 de decembro de 1997, de conformidade co establecido na Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

Artigo 2. *Definicións.*

a) Autoridade nacional designada: comisión interministerial creada pola disposición adicional segunda da Lei 1/2005, coa composición e funcións nela establecidos.

b) Entidade de enlace: comisión interministerial creada pola disposición adicional segunda da Lei 1/2005 cando exerce as súas funcións en relación cos proxectos do mecanismo de aplicación conxunta.

c) Informe de participación voluntaria: informe preceptivo emitido pola autoridade nacional designada conforme a disposición adicional segunda da Lei 1/2005 sobre a participación voluntaria de España e das persoas ou entidades participantes nos proxectos do mecanismo de desenvolvemento limpo ou de aplicación conxunta, que constituirá a carta de aprobación do Reino de España aos proxectos do mecanismo de aplicación conxunta e do mecanismo de desenvolvemento limpo de acordo co previsto nos artigos 6 e 12, respectivamente, do Protocolo de Kioto.

d) Proxecto do mecanismo de desenvolvemento limpo (en diante MDL): un proxecto de investimento que cumpra os requisitos establecidos no artigo 12 do Protocolo de Kioto á Convención marco de Nacións Unidas sobre cambio climático.

e) Proxecto do mecanismo de aplicación conxunta (en diante MAC): un proxecto de investimento que cumpra os requisitos establecidos no artigo 6 do Protocolo de

Kioto á Convención marco de Nacións Unidas sobre cambio climático.

f) Unidade de redución de emisións (en diante URE): unha unidade expedida de conformidade co artigo 6 do Protocolo de Kioto á Convención marco de Nacións Unidas sobre cambio climático.

g) Redución certificada de emisións (en diante RCE): unha unidade expedida de conformidade co artigo 12 do Protocolo de Kioto á Convención marco de Nacións Unidas sobre cambio climático.

h) Unidade de cantidade asignada (en diante UCA): unha unidade expedida conforme o punto 3 do artigo 7 da Decisión 280/2004/CE.

i) Unidade de absorción (en diante UDA): unha unidade expedida como consecuencia da realización das actividades recollidas nos puntos 3 e 4 do artigo 3 do Protocolo de Kioto.

j) Xunta Executiva do Mecanismo de Desenvolvemento Limpo: órgano de supervisión do mecanismo de desenvolvemento limpo previsto no artigo 12 do Protocolo de Kioto.

k) Comité de Supervisión do artigo 6 do Protocolo de Kioto: órgano de supervisión do mecanismo de aplicación conxunta no marco do Protocolo de Kioto.

l) Entidade operacional designada: entidade designada pola Conferencia das Partes do Protocolo de Kioto en calidade de reunión das partes (COP/MOP), baseándose nas recomendacións da Xunta Executiva, facultada para validar propostas de proxectos MDL así como para verificar e certificar reducións de emisións antropoxénicas polas fontes de gases de efecto invernadoiro asociadas aos devanditos proxectos.

m) Entidade independente acreditada: entidade acreditada polo Comité de Supervisión do artigo 6 do Protocolo de Kioto que determina se un proxecto e as reducións das emisións antropoxénicas polas fontes ou incrementos da absorción polos sumidoiros que van asociados a el cumpren os requisitos pertinentes do artigo 6 do Protocolo de Kioto e os acordos que o desenvolven.

n) Informe de validación do proxecto: informe realizado pola entidade operacional designada, para proxectos MDL, ou a entidade independente acreditada, para proxectos de AC, no cal se constata que o potencial proxecto se axusta aos requisitos do MDL e AC respectivamente.

Artigo 3. *Obrigas de información e confidencialidade da autoridade nacional designada.*

1. A autoridade nacional designada, no exercicio das súas funcións, garantirá a confidencialidade dos datos achegados en relación cos proxectos sometidos á súa consideración ata a emisión do informe de participación voluntaria. Unha vez emitido o informe de participación voluntaria, a autoridade nacional designada poderá facer público o devandito informe, xunto cunha breve ficha descritiva do proxecto en cuestión, mantendo a confidencialidade daquela parte da información que o promotor ou participante no devandito proxecto lle subministrase á Administración, respecto da cal lle indicase previamente o seu carácter confidencial.

2. A Secretaría da Autoridade Nacional Designada elaborará unha base de datos, accesible ao público, que recollerá información relevante sobre os proxectos que obtivesen o informe de participación voluntaria e fará pública unha nota resumo dos aspectos máis relevantes das reunións que celebre.

3. A Autoridade Nacional Designada e o Rexistro Nacional de Dereitos de Emisión (RENADE) farán pública e actualizarán periodicamente a información relativa á URE, RCE, UCA e UDA, nos prazos e coas condicións recollidas na normativa comunitaria e nacional.

Artigo 4. *Validez dos RCE e URE para os efectos de cumprimento das obrigas de entrega de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

1. As RCE e as URE que cumpran cos requisitos para o seu recoñecemento establecidos na letra d) do número 6 do artigo 20 da Lei 1/ 2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro poderán ser validamente empregados para o cumprimento da obriga de entrega prevista no artigo 4.2 f) da citada lei.

2. Cada titular de instalación ou administrador fiduciario dunha agrupación de instalacións poderá entregar RCE e URE para os efectos de cumprimento de acordo cos límites de utilización de RCE e URE fixados polo Plan nacional de asignación de dereitos de emisión. Para estes efectos, o Rexistro Nacional de Dereitos de Emisión (RENADE) garantirá que o número de RCE e URE entregadas non supere o límite establecido polo Plan nacional de asignación de dereitos de emisión.

Artigo 5. *Participación no comercio internacional de emisións.*

Todos os titulares de conta no rexistro nacional de dereitos de emisión poderán transferir e adquirir RCE e URE conforme o artigo 17 do Protocolo de Kioto.

CAPÍTULO II

Participación en proxectos do mecanismo de desenvolvemento limpo e en proxectos do mecanismo de aplicación conxunta

Artigo 6. *Informe de participación voluntaria.*

1. A participación nun proxecto do mecanismo de desenvolvemento limpo ou do mecanismo de aplicación conxunta do Protocolo de Kioto requirirá a emisión, por parte da autoridade nacional designada de España, do informe preceptivo de participación voluntaria recollido na disposición adicional segunda 1.a) da Lei 1/2005. O informe de participación voluntaria aprobado pola autoridade nacional designada constitúe o instrumento mediante o cal o Reino de España dá a súa aprobación aos proxectos do mecanismo de aplicación conxunta e do mecanismo de desenvolvemento limpo de acordo co previsto nos artigos 6 e 12, respectivamente, do Protocolo de Kioto.

2. A adquisición de créditos de carbono procedentes dos mecanismos baseados en proxectos do Protocolo de Kioto en nome e por conta da Administración xeral do Estado requirirá en todo caso a emisión dun informe de participación voluntaria con respecto ao proxecto de que trae causa.

3. A emisión dun informe de participación voluntaria por parte da autoridade nacional designada non comportará a asunción por parte de España de ningún tipo de responsabilidade por eventuais danos causados polos proxectos a que se dese aprobación.

Artigo 7. *Solicitud.*

1. Poderán solicitar a emisión dun informe de participación voluntaria en relación cos proxectos referidos no artigo anterior:

a) As persoas ou entidades que teñan a súa residencia en territorio da Unión Europea cando participen en proxectos do mecanismo de desenvolvemento limpo e do mecanismo de aplicación conxunta que xeren reducións de emisións ou aumento de absorcións de gases de

efecto invernadoiro fóra do territorio español. Entendease que unha entidade ten a súa residencia en España sempre que fose constituída conforme a lei dalgún Estado membro da Unión Europea, ou ben teña o seu domicilio social ou a súa sede de dirección efectiva no seu territorio.

b) As persoas ou entidades que teñan a súa residencia en territorio español, cando participen en proxectos do mecanismo de aplicación conxunta que xeren reducións de emisións ou aumento de absorcións de gases de efecto invernadoiro en territorio español.

c) Aquelas organizacións financeiras internacionais que xestionen fondos de carbono en que teña participación a Administración xeral do Estado, ou empresas ou entidades que teñan a súa residencia en territorio español de acordo co previsto na letra a) desta epígrafe, en relación con proxectos incluídos nos devanditos fondos.

2. A solicitude do informe de participación voluntaria debe ir dirixida á Oficina Española de Cambio Climático, Secretaría da Autoridade Nacional Designada, e presentarse en papel e en soporte electrónico. O Ministerio de Medio Ambiente facilitará, a través da súa páxina web, un modelo de solicitude que poderá ser voluntariamente empregado polos solicitantes.

3. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Acreditación da identidade do solicitante e de que este conta con poder suficiente para levar a cabo a solicitude.

b) Unha copia do proxecto, no formato oficial de Nacións Unidas, en castelán.

c) O documento que acredite a aprobación por parte do país receptor do investimento para os proxectos desenvolvidos fóra do territorio español.

d) Un resumo do proxecto conforme o formato aprobado mediante resolución do presidente da autoridade nacional designada.

e) O informe de validación emitido pola entidade operacional designada ou pola entidade independente acreditada respectivamente.

f) As actividades de proxectos de produción de enerxía hidroeléctrica cunha capacidade de produción que supere os 20 MW deberán ser conformes coas directrices do informe da Comisión Mundial de Presas: «Presas e desenvolvemento: un novo marco para a toma de decisións», o cal poderá ser acreditado a través dunha das dúas vías seguintes:

1. Certificación da entidade operacional designada no informe de validación ou da entidade independente no informe de verificación;

2. Mediante declaración xurada do solicitante na cal se manifeste que o proxecto se axusta ás referidas directrices.

g) Unha declaración xurada do solicitante indicando, de ser o caso, a que autoridades nacionais designadas distintas da autoridade nacional designada do país receptor do investimento se lles solicitou a aprobación da actividade de proxecto.

Artigo 8. Emisión do informe de participación voluntaria.

1. Unha vez recibida a solicitude de informe de participación voluntaria no prazo máximo de dous meses, a autoridade nacional designada deberá emitir o informe de participación voluntaria ou ben comunicarlle ao solicitante os motivos polos cales non se considera procedente a súa emisión. Tanto o informe de participación voluntaria como a comunicación denegatoria porán fin á vía administrativa e poderán ser obxecto do recurso potestativo de reposición, nos termos establecidos no título VII da Lei

30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Transcorrido o prazo de dous meses sen se notificar o informe de participación voluntaria, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 9. Criterios de avaliación das solicitudes.

1. Para a emisión do informe de participación voluntaria en relación cos proxectos regulados neste capítulo, a autoridade nacional designada basearase nos criterios técnicos e ambientais establecidos na normativa internacional, en particular as decisións de aplicación dos artigos 6, 12 e 17 do Protocolo de Kioto, na normativa comunitaria e na normativa nacional, especialmente, os criterios adicionais aprobados pola Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.

2. Con carácter preliminar, para a emisión do informe de participación voluntaria en relación cos proxectos do mecanismo de aplicación conxunta en territorio español, a autoridade nacional designada terá en conta, en primeiro lugar, a situación de España en relación co cumprimento do obxectivo cuantificado de limitación do crecemento das emisións de gases de efecto invernadoiro fixado para España polo Protocolo de Kioto e a Decisión do Consello, do 25 de abril de 2002, relativa á sinatura pola Comunidade Europea dun protocolo á Convención marco das Nacións Unidas sobre o cambio climático e a execución común dos compromisos derivados dela.

3. En caso de que se considere, conforme o punto anterior, que a situación de España respecto ao cumprimento dos seus compromisos permite a aceptación de proxectos do mecanismo de aplicación conxunta en territorio español, poderanse ter en conta criterios de avaliación adicionais, que deberán ser precisados mediante orde ministerial. Neste suposto, solicitarase informe da comunidade autónoma en cuxo territorio se prevexa desenvolver o devandito proxecto.

Artigo 10. Contido do informe de participación voluntaria.

1. O informe de participación voluntaria emitido pola autoridade nacional designada terá o contido seguinte:

a) Confirmación de que España ratificou o Protocolo de Kioto e da súa participación voluntaria nas actividades de proxecto do mecanismo de desenvolvemento limpo ou de aplicación conxunta de que trae causa.

b) Aprobación da participación das persoas ou entidades que se relacionen nas actividades de proxecto do mecanismo de desenvolvemento limpo ou do mecanismo de aplicación conxunta que se especifiquen no informe.

c) Aqueloutros aspectos que, de ser o caso, resulte necesario precisar en función das características do proxecto.

2. En caso de que o mesmo informe recolla máis dunha actividade de proxecto, cada unha destas actividades de proxecto así como os participantes en cada unha delas deberán estar perfectamente identificados.

A aprobación a que se refire a letra b) do punto anterior será específica para cada unha das entidades e para cada actividade de proxecto que se recollan no informe.

Artigo 11. Validez do informe de participación voluntaria.

1. O informe de participación voluntaria emitido pola autoridade nacional designada será válido para o proxecto ou proxectos a que faga referencia, nos termos en que

foron sometidos a coñecemento da citada autoridade. A validez do informe estará condicionada a que o proxecto que foi sometido á autoridade nacional designada non sufrise modificacións substanciais con posterioridade.

2. Para os efectos do punto anterior entenderase que, en todo caso, é unha modificación substancial do proxecto aquela que:

a) Faga incompatible a participación voluntaria na actividade de proxecto autorizada coa normativa internacional, en particular as decisións de aplicación dos artigos 6, 12 e 17 do Protocolo de Kioto, a normativa comunitaria e a normativa nacional.

b) Supoña unha modificación de aspectos básicos do proxecto que evidencien unha falta de identidade entre este e os datos consignados no informe de participación voluntaria.

Artigo 12. *Procedemento para o seguimento e a verificación no marco dos proxectos de aplicación conxunta en territorio español.*

O seguimento e verificación dos proxectos do mecanismo de aplicación conxunta que se realicen en territorio español seguirán os procedementos de seguimento e verificación establecidos polo Comité de Supervisión do artigo 6 do Protocolo de Kioto, e levaranse a cabo polas entidades independentes acreditadas por este.

Artigo 13. *Aplicación das directrices de dobre contabilidade.*

A contabilización das URE resultantes de proxectos de aplicación conxunta en territorio español farase de conformidade co disposto na Decisión da Comisión 2006/780/CE, do 13 de novembro, relativa á forma de evitar o dobre cómputo das reducións de emisións de gases de efecto invernadoiro no réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión en relación a actividades de proxectos derivados do Protocolo de Kioto de conformidade coa Directiva 2003/87/CE, ou normativa internacional ou comunitaria que a substitúa, desenvolva ou complete.

Disposición transitoria única. *Validez dos proxectos previamente aprobados.*

Os informes de participación voluntaria da autoridade nacional designada española aprobados antes da entrada en vigor deste real decreto consideraranse válidos nos termos recollidos neste.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución española en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílase o ministro de Medio Ambiente para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 20 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

14102 *RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2007, da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola que se estende a colaboración social á presentación electrónica das solicitudes de compensación, aprazamento ou fraccionamento de débedas tributarias correspondentes a declaracións tributarias cuxa presentación electrónica sexa obrigatoria, así como dos documentos que, de acordo coa normativa vixente, deberán acompañar tales solicitudes e se aproba o documento normalizado para acreditar a representación para a súa presentación por vía electrónica en nome de terceiros. («BOE» 175, do 23-7-2007.)*

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, regula, con carácter xeral, as relacións electrónicas entre as administracións públicas e os cidadáns.

A Resolución do 3 de xuño de 2005, da Presidencia da Axencia Estatal de Administración Tributaria, regula os rexistros telemáticos e a Resolución do 23 de agosto de 2005, da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, regula a presentación de determinados documentos electrónicos no Rexistro telemático xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, prevé, no seu artigo 98.4, que no ámbito de competencias do Estado o ministro de Facenda poderá determinar os supostos e condicións en que os obrigados tributarios deberán presentar por medios telemáticos as súas declaracións, autoliquidacións, comunicacións, solicitudes e calquera outro documento con transcendencia tributaria.

A dita posibilidade fíxose efectiva recentemente en relación coa declaración do imposto de sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes, modelos 200 e 201 (para aqueles declarantes que teñan a forma de sociedade anónima ou de sociedade de responsabilidade limitada) pola Orde EHAC 1433/2007, do 17 de maio, pola que se aproban os modelos de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non-residentes correspondente a establecementos permanentes e a entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español, para os períodos impositivos iniciados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2006, se ditan instrucións relativas ao procedemento de declaración e ingreso e se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación telemática.